

A TRANSMISIÓN VOLUNTARIA DE ACCIÓNS E PARTICIPACIÓNS NAS SOCIEDADES LABORAIS



O capital social das sociedades laborais está composto por:

- Accións**
(sociedades anónimas)
- Participacións sociais**
(sociedades limitadas)

Estas accións e participacións poden ser de dúas clases:



A propia sociedade laboral poderá ser titular de accións ou participacións de ambas as clases.

A maioría do capital debe estar en mans de persoas traballadoras por tempo indefinido.

Ningún socio ou socia pode ter accións ou participacións que supoñan máis da terceira parte do capital social, coas seguintes excepcións:

- **Sociedades compostas por dúas persoas sociais**, que terán o 50 % cada unha (no prazo de 36 meses desde a constitución deberán adecuarse á norma xeral).
- **Sociedades participadas por entidades públicas, entidades non lucrativas ou da economía social** (non poderán acadar o 50%).

As accións ou participacións poden transmitirse a:



Outras persoas sociais traballadoras

Personas traballadoras indefinidas non sociais

Esta transmisión é libre, salvo que os estatutos dispoñan o contrario.

Débeselle comunicar ao órgano de administración:

- N.º e características das accións ou participacións
- Identidade da persoa que as adquire

Calquera outra persoa

Débeselle comunicar ao órgano de administración:

- N.º e características das accións ou participacións
- Condicións económicas

O órgano de administración traslada a oferta a todas as persoas sociais e traballadoras (no prazo de 10 días).

Os interesados poden formular oferta (no prazo de 20 días).

No caso de concorrencia de ofertas teñen prioridade:

- Personas traballadoras indefinidas non sociais** (primeiro as que teñan máis antigüidade na empresa)
- Personas sociais traballadoras** (primeiro as que teñan menos accións ou participacións)
- Personas sociais da clase xeral** (en proporción á súa participación no capital social)
- A propia sociedade**

O órgano de administración comunicaralle ao vendedor a identidade da persoa adquirente (no prazo de 10 días).

Se non se reciben ofertas, a persoa titular das accións ou participacións pode transmitilas libremente.

Se non se realiza a transmisión no prazo de 2 meses, hai que volver iniciar o proceso.